

A teoría e a política de clases hoxe

Hugo Radice

En primavera do 2013, a BBC revelou un estudo extenso da estrutura de clases da Gran Bretaña moderna, elaborado por un equipo de sociólogos dirixido polo profesor Mike Savage da Escola de Economía de Londres. A investigación tentou amplia-la análise de clases tradicional ó ter en conta de maneira máis plena “o papel dos procesos sociais e culturais na xeración de divisións de clases” e os autores argumentaron que “este novo modelo de sete clases reconece tanto a polarización social na sociedade británica coma a fragmentación nos seus estratos medios.”¹

Estas dúas observacións (sobre a polarización e maila fragmentación) abofé que han concordar co que poida advertir calquera observador casual do cambio social. Nos anos recentes, en moitos países, a desigualdade de ingresos, riqueza e poder medrou sen dúbida ningunha; por exemplo, en Gran Bretaña, onde o incremento de desigualdade estudouse amplamente, conectando decote as desigualdades de ingresos e riqueza coas relativas á saúde, aloxamento, educación e outras cuestións relativas á calidade de vida.² Ó mesmo tempo, fixéronse tamén evidentes as configuracións de clase crecentemente complexas, segundo se conciben no estudo da Escola de Economía de Londres. Son moitos os que consideran que o que tradicionalmente se entendeu por clase obreira está a se fragmentar en estratos definidos tanto polo status social, os patróns de gasto e a dependencia do estado de benestar coma polos atributos máis tradicionais de ocupación e ingresos.³ Entrementes, segue a ser tan difícil coma sempre defini-la clase media con certa claridade: inclúe propietarios de pequenos negocios, profesionais, xestores e traballadores altamente cualificados ou dedicados á supervisión en tódolos sectores da economía, pública ou privada.

Os autores do estudo da Escola de Economía de Londres identifican as súas clases en termos das experiencias, actitudes e estilos de vida da xente, e relacionan estas características coas tendencias económicas e sociais subxacentes. Tal tipo de aproximación é atractiva por que arraiga a identidade de clase nalgo que nos é común a todos: nun curso da vida que pode cartografiarse e analizarse, e porque os datos xerados en tal estudo poden logo someterse a análises estatísticas sofisticadas. Os elementos seleccionados para o rexistro de datos apóianse nun marco conceptual particular, desenvolto hai uns trinta anos por Pierre Bourdieu.⁴ Segundo esta aproximación, os individuos diferéncianse pola posesión de capital económico, cultural e social en diferentes cantidades e proporcións (sendo as tres formas de capital independentes). Os datos analízanse logo por mor de identificar acios de individuos (neste caso, eventualmente, sete) que en termos xerais comparten as mesmas características económicas, sociais e culturais.

Malia ofrecer unha instantánea informativa destes acios, o informe da Escola de Economía de Londres deixa aberta a cuestión de cales son os procesos sociais que conforman o que se agrupa desa maneira e cómo é que esas clases a xeito de acios interactúan entre si.⁵ Algunhas das forzas que conforman os acios trátanse distintivamente, aínda que en interacción, e na análise final son atribuíbles a factores coma a técnica ou as limitacións de recursos que se consideran externas. Sexa como for, o estudo é, no esencial, exercicio heurístico máis ca intento de probar empiricamente distintas hipóteses sobre o cambio social, e o resultado principal é unha cartografía de cómo é que os distintos cambios observables son compatibles entre si; segue a ser moi difícil responder realmente a cuestións importantes sobre a sociedade a xeito de totalidade, e sobre cómo é que a diferenciación social cambia no curso do tempo.

¹ Mike Savage et al., “A New Model of Social Class? Findings from the Great British Class Survey Experiment”, *Sociology*, 47 (2), 2013, p. 220.

² Richard Wilkinson e Kate Pickett, *The Spirit Level: Why More Equal Societies Almost Always Do Better*, Londres, Allen Lane, 2009; Daniel Dorling, *The No-Nonsense Guide to Inequality*, Oxford: New Internationalist, 2012; George Irvin, *Super Rich: The Rise of Inequality in Britain and the United States*; Cambridge, Polity Press, 2008.

³ Véxase, po rexemplo Owen Jones, *Chavs: The Demonization of Working Class*, Londres, Verso, 2011; e Guy Standing, *The Precariat: The New Dangerous Class*, Londres, Bloomsbury, 2011.

⁴ Pierre Bourdieu, *Distinction*, Londres, Routledge, 1984.

⁵ Amais, o método do estudo da Escola de Economía de Londres foi severamente criticado por Colin Mills, “The Great British Class Fiasco: A Comment on Savage et al.”, *Sociology*, 48 (3), 2014, pp.437-44.

Porén, a anovada preocupación actual pola clase tamén dá pé a preguntas importantes sobre a cuestión de se podemos, e cómo podemos, desafiar-la orde social actual. Se verdadeiramente a sociedade está tan fragmentada como parece a primeira vista, qué oportunidades podemos volver ter de promover-las ideas progresistas de democracia, igualdade e solidariedade perseguidas polos que (no sentido máis amplo) chamamos socialistas durante os últimos douscentos anos? O contorno político máis amplo é de pouca axuda, dada a crecente integración global que parece minar todo sentido da acción política local ou nacional; dada a omnipresente fracturación das máis das sociedades (se non son todas) a través das liñas de xénero, raza, sexualidade e relixión (e do problema inminente do cambio climático que ameaza a relación toda da humanidade coa natureza). Despois de décadas de retirada perante tales obstáculos, a crise financeira global que se vén extendendo dende o 2007 levou a moitas iniciativas dispares polo mundo adiante, mais aínda non deu pé a unha renovación significativa da esquerda ou, polo menos, a unha renovación suficientemente unificada, sostida e extensa para que dea motivos de verdadeiro optimismo.

Contrariamente, tanto nos países supostamente máis avanzados coma nos outros, nin a socialdemocracia nin o socialismo de estado foron capaces de defrontar as consecuencias políticas das novas circunstancias, e apenas comezamos a responder creativamente. Aínda tornamos con excesiva facilidade ós vellos manuais, aferrándonos á creza de que o problema non reside en cómo é que os socialistas traducimos-los nosos ideais políticos nunha política de esquerdas efectiva, senón en fracasos de liderato ou en deficiencias dos nosos concidadáns irresponsables. Faise difícil, nestes días, falar de socialismo considerándoo un tipo de alternativa real, por non falar de concibir unha política que poida construír institucións prefiguradoras e prácticas que poidan, pola súa vez, persuadir a outros, en número significativo, da posibilidade dun mundo mellor.

Por onde comezar, logo? Seguramente teremos que facer campaña en moitas fronteas. O anovado interese pola desigualdade (coma a do *Capital* de Piketty⁶) está tendo impacto no debate público en moitas partes do mundo. Desgraciadamente, non se debe isto a un verdadeiro cambio de opinión (por non falar da acción política do público en xeral), pois adoita amosar unha mestura de aspiracións e resentimento que lles adoitan atribuí-los profesionais do comentario. Trátase, máis ben, en gran medida, de que para as elites políticas (socialdemócratas, liberais e autoritarias) a fenda entre ricos e pobres fíxose tan grande que temen que a vacilación nas aspiracións e a intensificación do resentimento leven ó desencanto e á revolta (tanto entre as “novas clases medias” coma entre os pobres e excluídos).

O punto de partida deste ensaio é a proposición de que a cuestión de clase é crucial, segundo se argumentaba no prefacio do *Socialist Register* do 2014⁷. Non se debe isto a que eu queira suxerir de maneira ningunha que teña precedencia sobre outras cuestións; contrariamente, paréceme claro que contraponer “política de clase” e “movementos sociais” foi un dos obstáculos principais para a renovación da esquerda durante corenta anos ou máis⁸. En troques diso, nas páxinas que seguen quero argumentar que as dorosas experiencias de todo este período só poden solucionarse por medio dunha crítica exhaustiva das maneiras en que se entendeu a clase.

Por mor de tal facer, propono en primeiro lugar retornar á orixinal concepción relacional de clase debida a Marx, e revisar cómo foi que asumiron esa concepción xeracións posteriores da tradición marxista, nomeadamente no rexurdimento do debate sobre a cuestión de clase que se deu dende os anos sesenta ós oitenta. Nas seccións posteriores, vou prestar atención primeiro á análise das clases medias en relación co modelo de dúas clases de Marx, por medio da cal a Nova Esquerda (*New Left*) tentou dar respostas ás declaracións de que o crecemento das clases medias confundiu as expectativas de polarización social de Marx. Examinarei logo a cuestión relativa de se nalgúns casos a clase obreira foi (ou aínda é) un suxeito revolucionario capaz de derrocar-la orde capitalista. Isto, entón, fai aparecer-lo problema de en qué medida se poden entender verdadeiramente as relacións de clase só en relación co traballo na produción capitalista, máis do que abrangendo tanto o traballo coma outras actividades que se desenvolven noutras partes da sociedade, ou no que se deu en chamar a esfera da reprodución social. Suxiro eiquí unha concepción alternativa da produción e mailo traballo que pode integrar efectivamente a esfera da reprodución e fornecer unha maneira mellor de expor a clase a xeito de concepto crítico. Esta

⁶ Thomas Piketty, *Capital in the Twenty-First Century*, Cambridge (MA), Harvard U. P., 2014.

⁷ Leo Panitch, Greg Albo e Vivek Chibner, “Preface”, *Socialist Register 2014: Registering Class*, Londres, Merlin Press, 2013, pp. ix-xi. Este ensaio tamén se apoia en Hugo Radice “The Idea of Socialism: From 1968 to the Present-Day Crisis”, *Antipode: A Radical Journal of Geography*, 41 (S1), 2010, pp. 27-49; e “The Prospects for Socialism: A Question for Capital and Class” en Henry Veltmeyer, ed., *21-Century Socialism: Reinventing the Project*, Halifax, Nova Scotia: Fernwood Publishing, 2011.

⁸ Véxase Sheila Rowbotham, Lynne Segal e Hilary Wainright, *Beyond the Fragments: Feminism and the Making of Socialism*, 3ª edición, Londres. Merlin Press, 2013. Verbo do patriarcado en particular, véxase Heidi Hartmann, “The Unhappy Marriage of Marxism and Feminism: Towards a More Progressive Union”, *Capital & Class*, 8, 1979, pp. 1-33.

aproximación aplícase despois, na derradeira sección, á práctica política no mundo contemporáneo, sendo o obxectivo deitar luz sobre os cambios que se deron na era neoliberal e as consecuencias políticas que agora temos que defrontar.

Finalmente, este ensaio é de natureza deliberadamente aberta e exploratoria. É fútil imaxinar que a chave que poida abrir un futuro mellor estea gardada nas contribucións pasadas de académicos ou activistas. É igualmente fútil é o consagrado método da argumentación por medio da cita coa presuposición implícita de que toda proposición ten que se xustificar por medio da apelación á autoridade, porse en relación co estudo de cuestións consagradas e empregando terminoloxía aprobada. Tal método pode salvagardar unha tradición, mais a expensas de reducir aínda máis a súa capacidade de convocatoria para unha sociedade que rexeita claramente os socialismos fracasados do pasado.

A ANÁLISE DE CLASE NA TRADICIÓN MARXISTA

Para Marx había dúas grandes clases nas sociedades capitalistas: a clase capitalista (ou burguesía) e a clase traballadora (ou proletariado) ligadas pola relación social do capital. Dende este punto de vista, os capitalistas posúen os medios de produción e mercan a forza de traballo dos proletarios coa fin de aumenta-la súa riqueza por medio da extracción da plusvalía para acumulala a xeito de capital; os proletarios foron despois do acceso directo ós medios de subsistencia por medio da actividade autónoma e, entón, teñen que vende-la forza de traballo por mor de subsistiren. As dúas clases en relación recíproca constitúen as relacións de produción no capitalismo, que é un modo de produción historicamente distinto que xurde da orde feudal pre-existente minada polo cambio económico, social e técnico. Pola súa vez, o seu propio desenvolvemento implica unha polarización económica crecente entre as dúas grandes clases; xera isto unha conciencia política que une á clase obreira na acción colectiva para derroca-la orde capitalista e dispor unha sociedade sen clases.

Este cerna da “teoría marxista das clases” foi desafiada e cualificada nunha gran variedade de campos, precisamente porque está no centro da teoría e práctica política dos seus seguidores. Teoricamente, as dúas clases e a relación entre elas constitúese conxuntamente cos conceptos de modo de produción, relacións de produción, valor, capital, plusvalía, proceso de traballo, acumulación (e necesariamente tamén coas formas xurídicas e estatais que garanten o goberno político da clase capitalista). Na práctica, o socialismo en canto movemento político fúndase na crenza de que existe un interese común á clase obreira toda, a partir do cal se pode construí-la unidade de acción, primeiro para a resistencia e logo para revolución; isto dirixe a atención ás configuracións empíricas de clase, ós determinantes de crenza e comportamento e ás estratexias e tácticas de mobilización política.

Antes de tomar ós principais desafíos críticos ó modelo de dúas clases, paga a pena indicar o que ten de positivo, especialmente para a idea da clase obreira a xeito de axente do cambio social. Non ten dúbida que Marx e mailos seus sucesores argumentaron repetidamente que a dinámica da acumulación do capital tendería a xerar polarización social crecente entre capitalistas e traballadores. Mesmo no primeiro volume d’*O Capital*, estas tendencias atoparon especificación empírica no relato de cómo, despois da fase inicial de “acumulación primitiva” na que a clase capitalista en ascenso se apropia dos medios de produción, tanto a produción de mercadorías coma a súa circulación son transformadas polo impulso de acumular. Na produción o argumento clave é que a subsunción “formal” do traballo no capital, no que os capitalistas asumen o control de procesos de produción material fundados en métodos artesanais que non sufran alteración substantiva ningunha, tende a transformarse nunha subsunción “real” do traballo implicando o desenvolvemento, primeiro, dunha división do traballo detallada na produción fabril, e despois a aplicación da ciencia e maila técnica ó desenvolvemento da produción baseada nas máquinas. Segundo nos lembraron Braverman, Gorz e outros autores nos anos setenta, esta transformación do proceso de traballo capitalista tende a reducir progresivamente a proporción de forza de traballo directa no lugar de traballo a unha masa indistinta de traballadores non cualificados (ou, máis eufemisticamente, “semi-cualificados”) suxeitos á inexorable disciplina de procesos mecánicos ou químicos concibidos e vixiados polos xestores capitalistas.

Ó mesmo tempo, a competición no mercado reforza este proceso. No mercado laboral, os cambios técnicos na produción, que se amosan para o capital en forma de produtividade laboral aumentada, levan continuamente á redución na demanda de traballo e, entón, á creación dun exército de reserva laboral que rebaixa os soldos e mina os intentos de organiza-la oposición na fábrica. Nos mercados de produtos, a competición leva inevitablemente á concentración e centralización do capital: a escala da produción tende a medrar máis rápido cás vendas, levando á concentración en unidades sempre máis grandes, á vez que o desenvolvemento do crédito e mailos mercados financeiros dan azos á centralización do capital por medio da creación e fusión de compañías de accionistas. Ora ben, estas dinámicas poñen os fundamentos para auto-organización e mailo crecemento da clase traballadora a xeito de actor colectivo? A concepción

convencional no marxismo foi sempre que a experiencia colectiva da loita de clases devólvelles ós traballadores o interese compartido de clase, animando a auto-organización e maila contestación política. Os propios Marx e Engels non nos deixaron descrición sistemática ningunha de cómo é que podería ser isto, pero os seus escritos son abondosos en análises concretas das actividades políticas da clase traballadora, análises que, necesariamente, as xeracións posteriores só poden asumir considerándoos respostas ás contingencias de tempo e lugar. Tales contingencias inclúen evidentemente unha vasta gama de factores naturais, sociais e culturais que aparecen á beira da reprodución e acumulación do capital, conformando o pensamento e accións de grupos diferentes dentro da clase obreira. É esta fenda inevitable entre a teoría abstracta e a autoridade autónoma concreta a que os marxistas posteriores sintetizaron na fórmula de que a “clase en si” ten que se converter en “clase para si” dotada dunha concepción colectiva das súas circunstancias⁹. Esta fenda só se pode navegar desenvolvendo e disputando estratexias políticas para vencer o goberno capitalista e dispor unha sociedade sen clases. É neste contexto no que se cuestiona a validez do modelo de dúas clases.

AS CLASES MEDIAS

O primeiro desafío importante ó modelo de dúas clases é a existencia de grupos sociais que parecen estar entre o capital e os traballadores. A existencia empírica de “clases medias” estaba clara para os propios Marx e Engels e, dende entón, sempre estivo suxeita a debates periódicos.¹⁰

O capitalismo xurdiu, durante un período histórico longo, de sociedades de tipos moi distintos, constituíndose a partir de compoñentes nunha división social do traballo que estaba determinada politicamente pola clase latifundista gobernante e caracterizada polas súas propias relacións de produción distintivas. A transición ó capitalismo implica a co-existencia continuada de institucións, culturas e prácticas anteriores coa orde capitalista en ascenso, e esta hibridez é salientablemente persistente; amais, a difusión do capitalismo xera crecemento económico rápido, modelos novos de comercio internacional e cambio técnico continuo. Estes factores transforman a división do traballo tanto na sociedade en xeral coma nos lugares de traballo: xurden ocupacións novas e as ocupacións vellas vense arrastradas ó ámbito da produción capitalista, afectando non só á composición das dúas grandes clases novas, senón tamén xerando decontino entremedias unha zona fronteiriza mal definida. Amais, estas complexidades nunca se dan observadas illándoas dos procesos de contestación social que acompañan ó desenvolvemento do capitalismo.

Entón, na fin do século dezanove, os socialistas recoñeceron a importancia política tanto da “aristocracia laboral” coma da “pequena burguesía”. A primeira compúñase de traballadores organizados tanto para defende-los privilexios materiais fundados nas capacidades que retiñan das orixes artesanais e para establecer control nos talleres das industrias novas da segunda revolución industrial. Os seus niveis de educación e ingresos xeralmente máis altos asegurábanlles xogar un papel desproporcionado no desenvolvemento dos sindicatos e dos partidos socialdemócratas, pero tamén tiñan ocasión de perseguir os seus propios intereses a expensas da clase obreira en conxunto. Isto podía conseguirse tanto individualmente, por medio da promoción no lugar de traballo,¹¹ coma colectivamente, por medio do mantemento de sindicatos de artesáns separados e mantendo disputas de demarcación contra os intentos dos xestores capitalistas para descualifica-lo seu traballo. De resultas, podían ser levados a alianzas políticas coa reforma liberal. Os pequenos burgueses, pequenos propietarios da industria e do comercio, eran por definición capitalistas máis, diante da competición no mercado e o desenvolvemento da industria de grande escala e mailas finanzas deste período, a súa posición fíxose cada vez máis precaria, nomeadamente en tempos de crise económica. Gravitaron, logo, politicamente, cara alianzas populistas coa clase obreira máis, por outra banda, as ideoloxías políticas do nacionalismo, o racismo ou o imperialismo foron ás veces dabondo para mantelos leais á *alta burguesía* e ó estado capitalista.

⁹ Véxase David Camfield, “Re-Orienting Class Analysis: Working Classes as Historical Formations”, *Science & Society*, 68 (4), 2005, nomeadamente pp. 421-30.

¹⁰ Para descrições amplas dos debates, véxase, Pat Walker, ed., *Between Labour and Capital*, Hassocks: Harvester Press, 1979; Nicholas Abercrombie e John Urry, *Capital, Labour and the Middle Classes*, Londres: Allen & Unwin, 1983; Bob Carter, *Capitalism, Class Conflict and the New Middle Class*, Londres: Routledge & Kegan Paul; Erik Olin Wright, ed., *The Debate on Classes*, Londres: Verso, 1989; e Rosemary Crompton, *Class and Stratification: An Introduction to Current Debates*, Cambridge, Polity Press, 1993.

¹¹ O propio Marx, analizou, logo, a necesidade na produción capitalista, dende o primeiro momento, dun “tipo especial de traballador asalariado” que supervisase o proceso de traballo. Véxase Karl Marx, *Capital: A Critique of Political Economy*, Volume I, Londres, Lawrence & Wishart, 1970, p. 332.

De maior interese nos debates máis recentes son outros grupos intermedios, como é o caso dos xestores e dos técnicos especialistas na produción capitalista: os profesionais independentes coma os avogados, contables, médicos, artistas, xornalistas e o clero, tamén os xestores que traballan dentro do sector público e do aparello do estado. Non ten dúbida que os grupos profesionais en cuestión se expandiron moito durante o século vinte nos países capitalistas avanzados amais de no bloque soviético e tamén noutros países do socialismo estatal. Ó principio do século XX, Thorstein Veblen xa identificara o antagonismo potencial entre homes de negocios e enxeñeiros na industria de grande escala, e a obra de Berle e Means e James Burnham nos anos trinta lanzou a idea da “revolución dos xestores”¹². Polos anos sesenta, mesmo os economistas e sociólogos da corrente principal anunciaban unha orde postcapitalista fundada na racionalidade técnica e na eficiencia económica, e non é fácil atopar moitas diferenzas a este respecto entre o “novo estado industrial” de J. K. Galbraith e a análise ostensiblemente marxista do “capital monopolista” na obra de Baran e Sweezy¹³.

En relación con estes elementos da clase media, os marxistas seguiron dúas estratexias analíticas principais. Unha foi atribuír a estes grupos, e mesmo por extensión á clase media en xeral, un conxunto de actividades e crenzas que parecen definir unha posición distinta na estrutura de clases do capitalismo, que se converte logo nun modelo de tres clases. A segunda é argumentar que os distintos compoñentes das clases medias non teñen función nin propósito distinto, senón que ocupan unha posición colectivamente ambigua; de xeito parecido á aristocracia laboral tradicional e á pequena burguesía, alíanse ou coa clase capitalista ou coa clase obreira, de maneira máis patente en períodos de crise. Ambas a dúas estratexias desenvóléronse extensivamente nos debates europeos e estadounidenses dos anos sesenta e setenta.

Un exemplo coñecido da primeira etratexia foi a tese da Clase Profesional Xestora, proposta en 1977 por Barbara e John Ehrenreich¹⁴. Distinguían a Clase Profesional Xestora da pequena burguesía profesional dos pequenos propietarios e incluían nela unha ampla gama de asalariados de colo branco, incluídos científicos, enxeñeiros, xestores, funcionarios, profesores, xornalistas, contables, avogados e profesións médicas. Citando a visión de E. P. Thompson no tocante a que a clase só pode entenderse a xeito de relación histórica, mantiveron que o papel de clase específico da Clase Profesional Xestora era primariamente o de reproducir as relacións sociais capitalistas. A diversidade ocupacional, educativa, social e económica da Clase Profesional Xestora non era obstáculo para a súa identificación e, sexa como for, non era unha diversidade maior cá das clases capitalista ou traballadora. A súa rápida extensión durante os anos dourados posteriores a 1945 estivo intimamente vinculada á consolidación do capitalismo monopolista e á expansión do estado, mais tamén á renovación do radicalismo de clase media na forma de Nova Esquerda. Isto permitiu a posibilidade de que a Clase Profesional Xestora se convertese nunha “clase para si”, desenvolvendo unha voz e uns obxectivos políticos distintivos, e mesmo asumindo potencialmente o papel da acción revolucionaria tradicionalmente atribuído á clase obreira. A tódolos efectos, isto situaba firmemente a putativa Clase Profesional Xestora dos anos setenta na tradición progresista estadounidense. Tamén aparecía á beira dunha crecente literatura da corrente principal da socioloxía estadounidense que anticipaba as teses da “clase nova”¹⁵, secomasí, de par dun pensamento paralelo e ecoico entre os marxistas disidentes da Europa do leste, sobre o papel da “intelligentsia”¹⁶.

En contraste coa presentación da Clase Profesional Xestora a xeito de clase distinta aínda que en relación coas outras dúas, outros autores usaron varios argumentos para declarar que os grupos profesionais contidos nela tiñan tendencia a deixarse absorber tanto na clase capitalista coma na traballadora, ou que seguían sendo incapaces de se unir e constituír unha clase para si e eran, logo,

¹² Véxase Thorstein Veblen, *The Theory of Business Enterprise*, Nova York: Charles Scribner’s Sons, 1904; Adolf Berle e Gardner Means, *The Modern Corporation and Private Property*, Nova York: Macmillan, 1932; James Burnham, *The Managerial Revolution: Or, What is Happening in the World Now*, Nova York: John Day, 1941.

¹³ John Kenneth Galbraith, *The New Industrial State*, Londres: Deutsch, 1972; Paul Baran e Paul Sweezy, *Monopoly Capital: An Essay on American Economic and Social Order*, Nova York: Monthly Review Press, 1966.

¹⁴ Barbara Ehrenreich e John Ehrenreich, “The Professional. Managerial Class”, *Radical America*, 11 (2) 1977, pp. 7-31; e “The New Left and the Professional-Managerial Class”, *Radical America*, 11 (3), 1977, pp. 7-22. Walker, no libro *Between Labour and Capital*, inclúe consideracións críticas sobre os traballos dos Ehrenreich debidos a dez académicos e activistas da esquerda estadounidense. Para outras teses sobre a “non-proletarización”, véxase Abercrombie e Urry, *Capital, Labour*, cap. 5.

¹⁵ Exemplo salientable é Alvin Gouldner, *The Future of Intellectuals and the Rise of the New Class*, Nova York: Seabury Press, 1979; véxase tamén o estudo de Charles Kurzman e Lynne Owens, “The Sociology of Intellectuals”, *Annual Review of Sociology*, 28, 2002, pp. 63-90.

¹⁶ Hugo Radice, “Marxism in Eastern Europe: From Socialist Dissidence to Capitalist Restoration”, *Socialist History*, 42, 2012, pp. 43-59. Para unha análise crítica conxunta das novas teorías de clase no capitalismo e no socialismo soviético, véxase Lawrence King e Iván Szélenyi, *Theories of the New Class: Intellectuals and Power*, Minneapolis: University of Minnesota Press, 2004.

irrelevantes para as perspectivas de cambio revolucionario¹⁷. A tese da descualificación de Braverman, aínda que moi terxiversada, forneceu munición para a predición de que os grupos intermedios eran proclives a pasar o mesmo proceso de polarización que implicaba o modelo orixinal de dúas clases. Ó cabo, os principios que Marx aplicou á apropiación das habilidades dos traballadores no desenvolvemento do proceso de traballo capitalista poderían aplicarse igual de ben ós traballadores mentais (e non só, logo, ós manuais) e, entón, ás distintas ocupacións incluídas na Clase Profesional Xestora. Dende os anos setenta, moitas ocupacións de xestión e profesións de nivel medio e baixo fóronse facendo máis rutinarias, e os que traballan nelas estiveron sometidos á erosión constante das vantaxes que no seu momento disfrutaron no mercado laboral. Algúns elementos do proceso de descualificación identificados durante moito tempo co traballo industrial aplícanse agora non só ó traballo administrativo de baixo nivel ou ós traballos do comercio minorista, senón tamén a traballos de nivel supostamente superior. A supervisión estrita dos procesos de traballo en profesións cualificadas, como é o caso do ensino universitario, mina a ideoloxía tradicional do profesionalismo, crea antagonismo entre o cadro de persoal e os xestores de máis rango e dá azos ás respotas tradicionais como, poño por caso, o activismo sindical.

Ó mesmo tempo, nos niveis máis elevados da Clase Profesional Xestora, a en tempos celebrada revolución dos xestores invertíuse en moi gran medida. No sector privado, o rexurdimento do poder dos accionistas, o uso de opcións de compra e a moi estendida privatización de empresas estatais arrastraron ós xestores de nivel máis alto á clase capitalista. Tamén no sector público, a adopción masiva de técnicas de xestión do sector privado minou claramente a ideoloxía tradicional do servizo público, instalando, en troques, aparellos de xestión estratéxica baseados en xerarquías executivas verticais e incentivos financeiros. Isto foi acompañado da externalización de todo tipo de actividades (dende a elaboración de normativas e políticas ata a provisión de servizos rutinarios supervisados por xestores metidos nun tráfico de dúas direccións entre o sector público e os seus empregadores privados). Hoxe, faríase difícil argumentar que exista unha clase, no sentido relacional marxista, que sexa distinta das clases traballadora e capitalista. As tendencias que xeraron a desaparición da Clase Profesional Xestora forman parte do xiro máis amplo cara ó neoliberalismo nas décadas recentes, aínda que se podería argumentar que *houbo verdadeiramente* unha Clase Profesional Xestora no período de 1920 ós anos setenta¹⁸.

A FRAGMENTACIÓN DA CLASE TRABALLADORA E O PROBLEMA DA ACCIÓN

Se na actualidade, máis unha vez, pode concibirse a clase obreira no senso de Marx, a xeito de abraiadoramente predominante en termos de números, segue tamén a se-lo caso que o concepto de clases medias ten aceptación moi ampla no debate público, e o curso da crise global dende o 2008 amosa con toda claridade o lonxe que estamos da política socialista fundada nas clases que sexa efectiva. Isto lévanos á segunda cuestión crítica para a teoría de clase marxista, quere dicir, á cuestión da acción: pode calquera das dúas bandas do modelo de dúas clases ser considerada verdadeiramente suxeito histórico? No tocante á clase captialista, céntrase a cuestión no desenvolvemento histórico do capitalismo, e nos procesos económicos e políticos polos que a clase capitalista virou hexemónica en relación ós intereses dos latifundistas e tamén das clases subordinadas. Hai unha longa tradición de debate sobre as divisións internas da clase capitalista, sendo a máis salientable a que hai entre a industria e as finanzas, tamén entre as institucións e prácticas por medio das que os capitais individuais ou “fraccións” do capital superan os antagonismos xerados polas súas loitas competitivas e chegan a algunha forma de estratexia hexemónica para mante-lo seu goberno de clase. Toda investigación histórica sobre estes asuntos ten que ter en conta inevitable e plenamente o desenvolvemento do estado capitalista que, igual có concepto de clase, foi vigorosamente debatido nas décadas de 1970 e 1980, pero máis recentemente foi relativamente desatendido, sendo a excepción principal o foco de interese no sistema de estados nos debates sobre a globalización.¹⁹

¹⁷ Véxase, por exemplo, Harry Braverman, *Labour and Monopoly Capital*, Nova York; Monthly Review Press, 1974; e Guglielmo Carchedi, *On the Economic Identification of Social Classes*, Londres, Routledge & Kegan Paul, 1977. Véxase tamén Abercrombie e Urry, *Capital, Labour*, cap. 4.

¹⁸ A desaparición ou asimilación da Clase Profesional Xestora no neoliberalismo reconecérona Barbara Ehrenreich e John Ehrenreich en “Death of a Yuppie Dream: The Rise and Fall of the Professional-Managerial Class”, Nova York: Rosa Luxemburg Stiftung, 2013, dispoñible en <http://www.rosalux-nyc-org>.

¹⁹ Véxase, nomeadamente, Stanley Aronowitz e Peter Bratsis, eds., *Paradigm Lost: State Theory Reconsidered*, Minneapolis: University of Minnesota Press, 2002. Geoffrey Ingham examinou atentamente a conformación da unidade de clase por medio da hexemonía en ascenso da riqueza monetaria en *Capitalism*, Cambridge, Polity Press, 2008.

Sexa como for, aínda que a relación entre capital e estado siga a ser problemática, a cuestión da acción de clase obreira é moito máis desafiante. Segundo xa se indicou, a fórmula estándar para esta foi tradicionalmente distinguir entre “clase en si” e “clase para si”: mentres-la acumulación expandía as fileiras da clase obreira en canto categoría estrutural e as concentraba en lugares de produción cada vez máis grandes, sería, logo, cuestión de que a organización activa dos traballadores os transformase de vítimas da explotación en axentes da transformación social. Esta distinción analítica xogou un papel crucial na conformación das políticas socialistas, especialmente en asegurar-lo ascendente dos partidos políticos (quer ostensiblemente reformistas, quer revolucionarios) sobre accións alternativas da clase obreira do tipo dos sindicatos que se centraban quer nas condicións do mercado laboral, quer nas loitas no lugar de traballo. Entre o máis daniño para implicación política de base dos traballadores en xeral estaba o concepto de “falsa conciencia”, usado para xustificar-la eliminación da democracia de masas nas organizacións obreiras de todo tipo²⁰. En todo caso, aínda que a distinción en si/para si parece ser en gran medida retórica, o certo é que nos dirixe cara á fragmentación da clase obreira por toda a sociedade en xeral, e tamén ós avances que se acadaron historicamente por medio da política de partidos.

Está claro que o proletariado se diferencia de moitas maneiras, non é a de menor importancia a distinción por medio da evidencia empírica na que se apoiou o propio Marx ó analiza-la produción capitalista n’*O Capital*. A división social do traballo entre distintas ramas da produción, unida á división técnica do traballo no lugar de traballo, significa que os traballadores asalariados están moi diferenciados por lugar, ingresos, habilidades e autoridade, nunha combinación complexa con dimensións de diferenza do tipo de xénero, etnicidade e relixión, das que as orixes paracen estar fóra do proceso de produción capitalista en si. Na análise da evolución do proceso de produción capitalista dende a cooperación elemental á manufactura e á industria moderna, Marx pon énfase considerable en cómo é que nas últimas dúas etapas a tendencia á extraer-la plusvalía relativa implica transferir-lo control inmediato da produción dos traballadores ó capital e os seus axentes.²¹ Leva isto non á redución de todos á condición de traballadores en xeral intercambiáveis, senón á descomposición de formas de xerarquía e división de tarefas anteriores e á súa recomposición a xeito de elementos, non menos xerárquicos e diversos, dentro do traballador colectivo da produción capitalista desenvolvida. Ó mesmo tempo, considerou que o desposuímento do emprego pola industria moderna de grande escala fornecía a base para a renovación continua dos campos de producións de pequena escala e mesmo tecnicamente avanzados; por exemplo, a moi difundida existencia de producións adxuntas que se realizan formalmente fóra da fábrica, como é o caso dos traballos que se fan en casa en moitas industrias téxtis, permite que os propietarios de fábricas transfiran ós pequenos produtores as consecuencias financeiras das crises periódicas. O desposuímento de traballos alimenta constantemente o exército de reserva dos desempregados, pero estes tamén se diferencian segundo os tipos que Marx chamou os flotantes, os latentes e os estancados (ou parados de longa duración).

Malia haber esta diversidade obvia dentro da forza de traballo do século dezanove, pouca dúbida ten que tradicionalmente o punto de referencia primario para afirmar-la unidade e cohesión da clase traballadora foi a gran fábrica. Na análise xeral do desenvolvemento da maquinaria n’*O Capital*, Marx mantén que en canto a produción por medio de máquinas domina unha industria, a relación entre os traballadores e os seus instrumentos de traballo fica invertida. O traballador convértese nun adxunto á máquina²². Coa posterior evolución cara a un sistema de maquinaria unificada, os traballadores vense atados en conxunto por un ritmo preordenado: o carácter colectivo do traballo confróntase ós traballadores a xeito de necesidade técnica. Esta visión do fluxo de produción progresivamente automatizado reflicte o desenvolvemento temporal da técnica de produción en liña de montaxe, que chegou a apoteose ó principio do século vinte no Highland Park de Ford e o seu fluxo de produción continuo nas industrias químicas e relacionadas; converteuse nun asunto primordial para a análise da produción capitalista moderna, viñera esta dos encomiastas ou dos críticos, e tamén en referencia cultural cando se contrastaba co suposto idilio da produción artesanal, como se amosa en *Metrópole* de Fritz Lang e *Tempos Modernos* de Chaplin.

Nas análises marxistas, considérase que este modelo de produción de masas acentúa as contradicións do capitalismo. A necesidade de dar valor a vastas cantidades de capital fixo acelera-la tendencia ó monopolio, a aparición de trusts e cartels creados co obxectivo de controla-los mercados; e ó mesmo tempo, os sistemas de produción de fluxo fan a natureza colectiva da explotación inmediatamente patente para os traballadores implicados, animando entón á resistencia colectiva na fábrica e á aparición de

²⁰ O concepto de falsa conciencia non se lle pode atribuír a Marx. Véxase J. McCarney, “Ideology and False Consciousness”, 2005, dispoñible en <http://marxmyths.org>

²¹ Véxase Marx, *O Capital*, Parte IV, e para o resto do párrafo, véxase especialmente o capítulo XV, seccións 3, 4 e 8.

²² Marx, *O Capital*, cap. XV, sec. 1.

enlaces sindicais e doutras formas de organización de abaixo a arriba. Por exemplo, Alfred Sohn-Rethel argumentou que a contracción entre o fluxo e refluxo dos mercados de prezos competitivos e o requisito de continuidade do fluxo de produción equivalen a unha “economía dual de transición”, que identificou historicamente no apoio dado pola industria pesada alemana ás formas de coordinación estatal e á planificación sectorial adoptada polos nazis.²³

En todo caso, segundo se bota de ver para calquera que examine con máis amplitude os procesos de traballo capitalistas, son moi poucos os traballadores asalariados no capitalismo que se atopan actualmente subordinados ó proceso colectivo baseado na máquina desta maneira. Mesmo nas industrias de enxeñería, cerne da liña de montaxe dirixida pola máquina, no momento de máximo emprego nas manufacturas no Reino Unido estimábase que tales sistemas só incluían o trinta por cento dos traballadores²⁴. A realidade é que a disposición do traballo nos lugares de traballo modernos está na maior parte configurada non pola técnica nunha forma inflexible que contradí a fluidez que procura o capital moeda. Segundo amosaron os pioneiros dos estudos do proceso de traballo nos anos 70, está conformado polas eleccións da xestión capitalista e pola resistencia, quer individual, quer colectiva, dos traballadores²⁵. Polo que demos visto só con suficiente claridade nas décadas recentes, mesmo os oligopolios máis aparentemente estables, das manufacturas ou dos servizos, están expostos á interrupción fundamental non só por causa do cambio técnico, senón tamén polas innovacións organizativas coma os cambios de localización ou a externalización da produción; o uso de esquemas de incentivos complexos, a supervisión da produción cada vez máis estrita por medio de sistemas de información e, por riba de todo, os constantes e recentemente demasiado exitosos esforzos dos empregadores para eliminar dereitos sindicais esforzadamente conquistados.

Xa en 1986, Peter Meiskins suxeriu que os debates sobre a clase, e especificamente a relación entre o modelo “polar” e a evidente fracturación vertical e horizontal da forza de traballo no capitalismo, requiría que “se reconsiderase a vinculación entre as relacións de produción e os modelos de conflito de clase históricos, específicos.”²⁶ Porén, coa decadencia xeral do interese pola clase, non se fixeron eses axustes, ou polo menos non co resultado positivo que Meiskins esperaba. Amais, a falta de avances reflíctese no chamamento similar feito preto de vinte anos despois por David Camfield, quen presta atención non só á necesidade continuada de situa-las clases historicamente, senón tamén a “incorporar conscientemente relacións sociais diferentes das de clase, como é o caso das de xénero e raza”.²⁷ Nas seccións seguintes vou tentar explicar isto e suxerir dúas maneiras para empezar a facer tales cambios na teoría e na práctica, e particularmente para superar as divisións que actualmente nos dificultan o desafío da orde social actual

A PRODUCCIÓN CAPITALISTA E A REPRODUCCIÓN SOCIAL

Mentres que nos anos setenta os debates sobre o proceso de traballo capitalista abofé que incluían a consideración desta fragmentación da clase traballadora, o momento de analiza-la produción e mailo traballo tamén coincidiron co ascenso das obras marxistas e feministas sobre a economía política do xénero (incluídas explicitamente as obras feministas-marxistas) nas que un tópico importante era o papel do traballo doméstico non asalariado no capitalismo, e máis xeralmente a reprodución da forza de traballo fóra da produción directa e venda de mercadorías.²⁸ Unha maneira de considera-la reprodución foi en termos da incómoda cuestión do traballo produtivo e improdutivo, mais, mirando retrospectivamente, parece claro que os valentes intentos de solucionala por medio do estudo atento dos textos marxistas

²³ Alfred Sohn-Rethel, “The Dual Economics of Transition” en Conference of Socialist Economists, *The Labour Process and Class Strategies*, Londres: Stage 1, 1976, pp. 26-45; e *Economy and Class Structure of German Fascism*, Londres: CSE Books, 1978.

²⁴ Véxase D. T. N. Williamson, “The Anachronistic Factory”, *Proceedings of the Royal Society of London*, A/331 (1585), 1972, pp. 131-60.

²⁵ Véxase, por exemplo, André Gorz, ed., *The Division of Labour: The Labour Process and Class Struggle in Modern Capitalism*, Brighton: Harvester, 1976; Richard Edwards, *Contested Terrain*, Nova York: Basic Books, 1979; Maxine Berg, ed., *Technology and Toil in Nineteenth Century Britain: Documents*, Londres: CSE Books, 1979.

²⁶ Peter Meiskins, “Beyond the Boundary Question”, *New Left Review*, 1/157, 1986, p. 110.

²⁷ Camfield, “Re-Orienting Class Analysis”, p. 421. Véxase tamén o seu ensaio máis recente, “Theoretical Foundations of an Anti-Racist Queer Feminist Historical Materialism”, *Critical Sociology, en curso de publicación*.

²⁸ Véxase a excelente introdución a esta cuestión de Valerie Bryson, “Production and Reproduction” en Georgina Blakely e Valerie Bryson, eds., *Marx and Other Four-Letter Words*, Londres: Pluto Press, 2005 . (Agradezo a Daniele Tepe-Belfraege a indicación desta obra).

nunca levou moi lonxe. Non se podía nega-lo papel do traballo non asalariado na reprodución do capitalismo mais, igual ca acontece co traballo no proceso laboral, a súa análise crítica abofé que non transforma no fundamental a teoría e análise marxista segundo sería de esperar.

Nun ensaio recente, Nancy Fraser tentou explorar as razóns polas que “estamos pasando por unha crise capitalista de gran severidade sen teoría crítica que a poida clarificar adecuadamente...carecemos de concepcións do capitalismo e maila crise capitalista que sexan adecuadas para o noso tempo.”²⁹ Fraser considera que a análise de Marx atribúe catro características principais ó capitalismo, que son, por orde de precedencia: a propiedade privada, que presupon a división estándar en dúas clases; o mercado libre de traballo, por medio do cal os que non son capitalistas deben asegura-la súa subsistencia e reprodución; a persecución compulsiva da acumulación de valor auto-expansivo por parte dos capitalistas e, finalmente, o papel distintivo dos mercados que distribúen entradas para a produción de mercaderías e determinan como é que se inviste a plusvalía da sociedade. Este último elemento, di Fraser, non debería entenderse a xeito de “crecente reificación da vida en canto tal”, porque a reprodución xeral da sociedade capitalista depende verdadeiramente dunha grande gama de actividades que non teñen lugar no ámbito da produción e intercambio de mercaderías.³⁰ Se ben Marx foi máis alá das aparencias dos mercados capitalistas (que os caracterizan a xeito de intercambio equitativo) ó atopa-lo segredo da explotación no domicilio oculto da produción, Fraser identifica a reprodución social en domicilios que, pola súa banda, están ocultos por tras da produción. Fraser argumenta que Marx só menciona esas cuestións na introdución histórica á aparición do capitalismo da parte VIII do primeiro tomo d’*O Capital*, e que agora nos cómpre explorar estes domicilios aínda máis ocultos. Mantén que a reprodución social é unha “condición subxacente indispensable para a posibilidade da reprodución capitalista...amais, a división entre a reprodución social e a produción de mercaderías é central para o capitalismo (con efecto, é un dos seus aparellos)”³¹. O resto do seu ensaio explora, logo, estes domicilios dobremente ocultos, establecendo unha serie de proposicións sobre a súa relación coa produción capitalista e o seu papel na crise.

Por máis que simpatice co rexeitamento que fai Fraser da “fantasía distópica” da crecente reificación, a súa análise ignora algúns elementos moi importantes na súa crítica da economía política (elementos que, de se volver traer a consideración, contribúen moito a suaviza-lo impacto dos seus argumentos, e indican unha maneira diferente de situa-la reprodución social firmemente no cerne da análise da clase e da crise). Fundamentalmente, ten isto relación coa caracterización que Fraser fai da crítica de Marx da produción capitalista a xeito de “económica” no contido, e implícitamente estrutural-funcionalista máis do que histórica no método. As catro características que lle adscribe a Marx expóñense nas dúas seccións iniciais d’*O Capital*, de contidos moi abstractos. Sexa como for, se lemo-las seccións posteriores, atopamos non só o famoso domicilio oculto da produción. Podemos atopar nelas moitas probas de que a crítica de Marx incorporou concretamente non só aspectos da orde social que poderían entenderese, na escuridade fragmentada do pensamento burgués, a xeito de sociais, políticos, culturais ou técnicos, senón tamén sobre a relación da humanidade coa natureza. Abofé que isto non é “economía” no sentido en que a definiría a ciencia social da corrente principal; contrariamente, ó expor criticamente asuntos coma a duración da xornada de traballo, as formas dos soldos no emprego capitalista ou os efectos da maquinaria nas relacións industriais, Marx apóiase amplamente nas experiencias concretas dos traballadores, e nas condicións sociais que soportan nos seus lares, nas súas comunidades e nas súas relacións co estado.

Nada disto pretende dicir que todo o que nos cómpre é ler *O Capital* nin que, dalgún xeito, da obra de Marx abrolla un manual de traballo completo para revolucionarios que ha ser suficiente para sempre, nin que a tarefa que nos encomendou foi sinxelamente escribi-los libros restantes que indicou (nunhas cantas pasaxes ocasionais que el mesmo nunca revisou para a publicación) e que, de facermos iso, redondearíamo-la análise. É obvio, á vista da historia do século vinte, non so que é imposible tirar conclusión ningunha da procura fetichista da verdade nos propios escritos de Marx, senón tamén que se deron procesos completos de cambio histórico que non eran visibles no tempo de Marx (entre os que non é o menos importante o progreso que se fixo á hora de encarar forzas de opresión que residen fóra do capitalismo en canto tal). Mais esa é, precisamente, a razón de que o beneficio principal de estudar a Marx resida no seu *método* de investigación, que se desenvolve nos capítulos iniciais d’*O Capital* e que se exemplifica non só na descrición histórica dos capítulos finais, senón tamén nos capítulos dedicados á análise concreta do seu propio tempo que hai polo medio do libro.

Cómo queda, logo, a crítica de Marx? Hai gran cantidade de obras sobre o método de Marx a disposición daqueles que queiran meditar sobre as moitas maneiras de responder a esta cuestión, mais coído que, verdadeiramente, redúcese a uns cantos principios. Primeiro, o materialismo histórico implica

²⁹ Nancy Fraser, “Behind Marx Hidden Abode: For An Expanded Conception of Capitalism”, *New Left Review*, II/86, 2014, p. 56.

³⁰ Fraser, “Behind Marx’s Hidden Abode”, p. 59.

³¹ Fraser, “Behind Marx’s Hidden Abode”, pp. 61-2.

situa-la investigación social no contexto histórico usando o principio de identificar aquelas institucións, ideas e prácticas que, xuntas, constituén distintas maneiras en que a humanidade estrutura a súa relación coa natureza, quere dicir, a reprodución social. A reprodución social é, con efecto, o obxectivo primordial da investigación social, e Fraser leva razón ó privilexiala sobre a produción na medida en que concibe a produción a xeito de proceso estritamente económico. Segundo, o fío histórico que atravesa a análise que fixo Marx do modo de produción capitalista non debe identificarse coas características específicas visibles do capitalismo (coma na lista de Fraser: propiedade, traballo libre, acumulación e mercado). Consiste, máis ben, na posibilidade de trascendencia histórica, de que a humanidade desenvolva auto-control consciente e colectivo, que Marx rastrea dende a súa representación máis abstracta na forma da mercadoría ata as súas manifestacións históricas máis concretas nas loitas pola organización da reprodución social.

O *Capital* de Marx non se construíu arredor dunha descrición histórica do capitalismo, senón arredor dunha crítica da economía política, quere dicir arredor da ideoloxía íntima e central da clase capitalista en ascenso. No corazón desta ideoloxía, di Marx, está o concepto do mercado auto-regulado, libre das ataduras do soberano e do estado e, entón, a análise de Marx comeza pola mercadoría en canto é o obxecto do intercambio mercantil. Desvela primeiro a natureza dual das mercadorías en canto son obxectos útiles (valor de uso) e a xeito de portadoras do valor de cambio. Suxire que o intercambio de dous valores de uso distintos en cantidades definidas indica que teñen algo en común, fundamentalmente que son produtos do traballo. O valor dunha mercadoría é a cantidade de traballo socialmente necesario encarnado nela, abstraído do traballo concreto específico que fai ó produto útil para satisfacer necesidades sociais. O traballo desenvolvido por un traballador ó producir unha mercadoría ten igualmente carácter dual: por unha banda, a xeito de traballo útil concreto e, por outra banda, a xeito de traballo abstracto produtor de valor, distinción que está especificamente ausente nas apoloxías da economía política burguesa. A significación disto amósase na sección sobre o fetichismo das mercadorías, cando fai repetidas presentacións da cuestión dende diferentes puntos de vista.

O carácter dual do traballo ofrece o punto de partida dende o que Marx elabora a súa crítica.³² A elaboración segue unha secuencia de conceptos moi específica: primeiro, na esfera da circulación, dende a mercadería ó traballo, ó diñeiro é o capital, á plusvalía e á explotación. Pasa logo á esfera da produción, na que o proceso de traballo reproduce non só as mercaderías que entran nel, senón tamén os capitalistas, os traballadores e as relacións sociais que se dan entre eles, por medio da extracción da plusvalía e da subsunción do traballo no capital. Finalmente, retorna na quinta sección á circulación, na que a plusvalía se realiza, distribúe e acumula a xeito de capital. A maneira en que se desprega a análise reflicte deliberadamente o circuíto da produción capitalista, porque esa é a realidade que xace por tras do veo do fetichismo da mercadoría: a “maxia do mercado”. Polo camiño aparece non só o capitalista, senón tamén o traballador; non só os individuos que perseguen o seu interese persoal por medio do libre intercambio, senón o capital e o traballo a xeito de categorías sociais e a xeito de clases; non só a liberdade de mercado, senón a coerción do estado; non só a lóxica de acumulación do capital aparente e de sentido común a xeito de organizadora da produción e venda de mercaderías útiles, senón tamén a división da sociedade entre explotadores e explotados, a destrución das comunidades humanas e a natureza, e tódolas aldraxes ocultas de clase.

Sexa como for, tamén aparece en cada etapa do argumento a posibilidade dunha orde social diferente que a humanidade podería establecer, non fundándose en ideais recollidos ó chou, senón fundándose na negación da produción de mercadorías capitalista.³³ En canto modo de produción histórico, o capitalismo lenva dentro de si non só o reino do valor, a lóxica inexorable que a economía política burguesa representa e tenta naturalizar, senón tamén o reino do valor de uso. En cada faceta da produción e reprodución social coexisten estes dous reinos: un dirixido polo imperativo da acumulación de capital, e o outro pola aplicación do tempo de traballo á natureza para satisfacer a necesidade transhistórica de subsistencia da humanidade.

En todo isto, onde é que encaixa a clase, no sentido do modelo de dúas clases? Seguramente é parte do reino do valor; e tamén, seguramente, o potencial para a súa negación (unha sociedade sen clases) reside no reino do valor de uso, no que o traballo útil concreto emprégase en satisfacer necesidades sociais. Cando o modelo de dúas clases de Marx se sitúa dentro da dualidade revelada pola súa crítica do pensamento burgués, revélase tamén o carácter histórico da súa imposición á sociedade, secomasí á

³² Esta “dialéctica do traballo” pode entenderse tamén como parte da interpretación historicista de Marx, na que non hai ruptura pronunciada entre a obra “temperá” e a “madura”. Véxase Paul Walton e Andrew Goble, *From Alienation to Surplus Value*, Londres: Sheed and Ward, 1972, nomeadamente co cap. 2, “Alienation and the Dialectics of Labour”, pp. 24-50.

³³ Este punto explórase en Hugo Radice, “Utopian Socialism and Marx’s *Capital*: Envisioning Alternatives”, en Lucia Pradella e Tom Marois, eds., *Polarizing Development: Alternatives to Neoliberalism and the Crisis*, Pluto Press, en curso de publicación.

posibilidade de superalo. Precisamente, porque a forma capitalista do goberno de clase está constituída en conxunto co reino do valor e do capital, o punto de partida para a súa superación debe estar fóra dela, en aspectos da sociedade que deben de continuar máis alá do capitalismo, aínda que en forma diferente. Para imaxina-lo socialismo a xeito de reino da liberdade, e para desenvolve-las prácticas sociais que poden comezar a realizalo, temos que comezar polos valores de uso, o traballo concreto e mailas necesidades sociais. Isto é o que argumentan as críticas que parten da política de clase; porén, non require de maneira ningunha enterra-la análise da clase e o capital debida a Marx, só a reinterpretación desa análise a xeito de crítica da economía política máis do que a xeito de economía marxista.

ATOPAR PONTES CARA Ó SOCIALISMO HOXE

Se a investigación do método na sección anterior non permite integra-la política da produción e a reprodución, entón tamén se pode argumentar que o modelo de clases relacional de Marx, que foi historicamente específico do capitalismo, é xeralmente compatible con delineacións sociolóxicas de clases, coma as de Savage e colaboradores, baseadas na identificación de acios de características económicas, sociais e culturais dentro da sociedade. Máis ca iso, a integración das dúas aproximacións á cuestión de clase nun só marco ontolóxico e epistemolóxico permítenos encara-las debilidades de cada un deles. Por unha banda, a fragmentación verdadeira da clase traballadora “relacional” complica claramente os intentos de desenvolver unha política emancipatoria de atractivo suficientemente amplo para supor un desafío serio ó capitalismo tal como existe e é percibido actualmente. Por outra banda, segundo se indicou ó inicio, comezando polas actitudes subxectivas e as prácticas sociais de diferentes segmentos da sociedade, faise difícil evitar que as árbores non nos deixen ve-lo bosque (capta-los elementos comúns que se ocultan por causa dun sentido común hexemónico centrado nas aspiracións individuais en relación á propiedade e o consumo).

En ningures se fixo isto máis visible ca, recentemente, na frustrante incapacidade do “noventa e nove por cento” identificado polo movemento de Ocupación de Wall Street para evolucionar da hostilidade visceral ó restante un por cento cara a un desafío político serio ó neoliberalismo. Os novos slogans dos movementos sociais parecen ter pouco máis éxito cás vellas consignas do movemento obreiro tradicional, mesmo cando os dous son capaces de unirse polo menos para identifica-lo obxecto da súa ira, como fixeron durante uns poucos anos despois da batalla de Seattle en 1999. Máis aínda, segundo se foi desenvolvendo a crise actual, a experiencia común de conmoción e dislocación que seguiu á crise financeira veuse substituída por marcadas diferenzas sobre cómo é que a resolución da crise afecta a grupos diferentes: non só diferenzas entre parados e xente con emprego, entre traballadores cualificados e non cualificados, senón tamén entre diferentes países e rexións. En Gran Bretaña, a coalición de goberno e os máis dos medios de comunicación converteron en chivos expiatorios ós receptores de axudas do estado do benestar (quer parados, quer xente de rendas tan baixas que deben completarse con axudas estatais) e, por riba de todos, ós inmigrantes, no que é unha estratexia deliberada de divide e vencerás. Entrementes, os traballadores alemáns protexidos das políticas de austeridade amosaron pouca ou ningunha solidariedade: nin cos seus compatriotas alemáns menos protexidos nin cos traballadores da “periferia” da Eurozona na que se culpou da crise ós gobernos e se forzaron recortes sen precedentes tanto nos estándares de vida coma nos servizos públicos. A diferenza do impacto económico das políticas da crise nas mulleres tamén foi advertida por moitos.³⁴ Por todo o planeta, empregadores e gobernos fan soa-lo tam-tam da “competitividade internacional”: traballar máis duro e máis tempo, obedecer, investir en cualificación (a expensas dun mesmo) e entón, aínda que só sexa unha posibilidade, pode un evitar perderlo traballo perante a presión dos industriais chineses (mexicanos, turcos, etc.). Amais, unha característica crucial do capitalismo na súa forma moderna neoliberal é que a lóxica individualista da competición impoñe moito máis alá do reino da produción capitalista: por exemplo, no sector da educación superior, que emprega a moitos dos que poden ler este artigo, ou mesmo, ó que parece, na “produción” de protestas.³⁵

Porén, esta é a ideoloxía do capital: o mundo visto dende o punto de vista da lei do valor e da compulsión do lucro. Entrementes, non só dentro da produción capitalista, senón tamén dentro das esferas de reprodución que están fóra da fábrica ou do lugar de traballo (aquelas que Fraser identifica

³⁴ Véxase, por exemplo, Jill Rubery e Anthony Rafferty, “Women and Recession Revisited”, *Work, Employment And Society*, 27 (3), 2013, pp. 414-32.

³⁵ Sobre as universidades, véxase Andrew McGettigan, *The Great University Gamble: Money, Markets and the Future of Higher Education*, Londres, Pluto Press, 2013; sobre campañas, véxase Peter Dauvergne e Genevieve Le Baron, *Protest Inc.: The Corporatization of Activism*, Cambridge Polity Press, 2014.

dicindo que están dobremente ocultas) funcionan outras forzas en contradición con esa ideoloxía. Na produción capitalista, a inexorable tendencia a controlar e descualifica-los traballadores actúa, con igual necesidade, contra a inevitable dependencia capitalista a respecto dos seres humanos. Na súa crítica da tese dos Ehrenreichs a respecto de que o traballo dos enxeñeiros reproduce esencialmente a procura do lucro e, entón, o goberno do capital, David Noble insistiu na continuación da ideoloxía do profesionalismo que segue arraigada no exercicio do coñecemento científico e práctico, e nas satisfaccións non monetarias que se obteñen dese tipo de traballo.³⁶ Moito máis abaixo na xerarquía laboral, Paul Durrenberger e Dimitra Doukas argumentaron que certo “evanxeo do traballo” segue e a funcionar de contrapeso do “evanxeo da riqueza” entre a clase traballadora estadounidense.³⁷

De maneira máis xeral: o concepto aparentemente abstracto de “traballador colectivo” desenvolto por Marx na súa análise da maquinaria e da industria moderna abofé que non representa sinxelamente, segundo moita xente declara, a estratexia do “capital ó mando”; tamén leva dentro de si a necesidade de que os elementos dese traballador colectivo (dito doutra maneira, os traballadores individuais) combinen as súas actividades concretas creativamente. Fóra do moi mitificado mais raramente logrado proceso de produción “plenamente automatizado”, os máis de nós temos que exerce-la nosa imaxinación e combinalos nosos talentos cos doutros en tarefas que van do máis mundano o máis esotérico. Se o socialismo é a “libre asociación dos produtores”, entón o lugar de traballo capitalista, queira ou non queira, ofrece un adianto del. Hai case cincuenta anos, nun capítulo relativamente curto contra a a fin do seu estudo sobre *O Capital* de Marx, Roman Rosdolsky examinou o que chamaba “os límites históricos da lei do valor”.³⁸ Argumentaba que, contrariamente á afirmación usual de que Marx era remiso a facer predicións sobre unha futura sociedade socialista, “N’*O Capital*, e nas obras preparatorias que levaron a el, atopamos constantemente análises críticas e observacións que se preocupan polos problemas dunha sociedade socialista.” A súa suxestión de que o método de Marx tanto dirixe a nosa atención ó pasado histórico coma postula as “presuposicións históricas para un novo estado da sociedade”, vén apoia-la idea de que abofé que se poden atopar pontes cara ó socialismo na produción capitalista cotiá.

Que acontece, logo, co traballo de reprodución social que se fai nos lares, nas actividades recuperadoras do lecer ou nas asociacións voluntarias de todo tipo que suplementan ou mesmo substitúen a provisión de bens ou servizos ofrecidos polo estado? Seguramente demostra tamén a inevitable dependencia das tarefas (mande quen mande e independentemente de como se exerza o mando) a respecto do traballo concreto que implica previsión, iniciativa e creatividade individual, tipicamente exercido en cooperación con outros. Na medida en que tales formas de traballo cambian dun lado para outro a través da fronteira entre a produción capitalista e a non capitalista, hai pouco cambio no traballo concreto que se efectúa; o que cambia é se xera recompensas monetarias, e en qué medida estas recompensas vense diminuídas pola interposición do capital privado no proceso de produción.

Deberíamos, logo, considerar o mundo do traballo (refírome a *todo* tipo de traballos, non só o que se realiza no marco do traballo asalariado capitalista) non só a xeito de forma externa e alienante de subordinación ó outro. É igualmente, segundo dixo Marx, “a eterna condición da existencia humana imposta pola natureza e, entón, independente de toda fase social desa existencia ou, máis ben, común a todas e e cada unha desas fases”.³⁹ Mais cómpre recoñecer esta mesma universalidade, e ten que considerarse fundamental para a construción dun movemento do que o obxectivo de clase é, dito coa máxima simplicidade, a abolición da sociedade de clases.

Neste punto temos que tornar á complicada cuestión da política (non xa a dunha política “de” clase ou “política de clase obreira”, senón unha política *contra* a clase). Isto require, en primeiro lugar, que deixemos de ser temesiños a respecto do noso propósito eventual e que comecemos a formular o que exactamente consideramos-las características constitutivas dunha sociedade postcapitalista. Ó converter isto nun cadro de necesidades sociais e de actividades creativas no socialismo que a xente poida comparar

³⁶ David Noble, “The PMC: a Critique” en Walker, *Between Labour and Capital*, pp. 121-42.

³⁷ Véxase E. Paul Durrenberger e Dimitra Doukas, “Gospel of Wealth, Gospel of Work: Counterhegemony in the US Working Class”, *American Anthropologist*, 110(2), 2008, pp. 214-25. Para máis informacións sobre a política da clase obreira estadounidense, véxase Paul Durrenberger, *American Fieldnotes: Collected Essays of an Existentialist Anthropologist*, West Branch, Iowa: Draco Hill Press, 2013; e Michael Yates, *In and Out of the Working Class*, Winnipeg: Arbeiter Ring Publishing, 2009; e sobre o Reino Unido, Selina Todd, *The People: The Rise and Fall of the Working Class, 1910-2010*, Londres: John Murray, 2014.

³⁸ Roman Rosdolsky, *The Making of Marx’s “Capital”*, Londres: Pluto Press, 1977, cap. 28 (edición orixinal alemá: 1968). As citas están na páxina 414 (a segunda cita é de Marx, *Grundrisse: Foundations of the Critique of Political Economy*, Harmondsworth: Penguin Books, 1973, p. 461). Véxase tamén a ampla descrición do concepto de socialismo de Marx en Peter Hudis, *Marx’s Concept of the Alternative to Capitalism*, Chicago: Haymarket Books, 2013.

³⁹ Marx, *Capital*, p. 184.

directamente coas súas experiencias cotiás baixo o capitalismo, podemos desafiar-la inexorable mallada do “non hai alternativa”. O capitalismo non é orde natural ningunha, é unha orde social, construída pola xente na interacción duns cos outros, e pode igualmente ser demolido e substituído. Isto non é nin máis nin menos có propósito orixinal do movemento do Foro Social, marxinado segundo tódalas aparencias pola crise de 2007-2008 e as súas consecuencias, pero mesmo no momento de máximo vigor demonizado polos residuos da fracasada política do último século.

Leva isto a un segundo requisito: que defrontemos as dorosas leccións deses fracasos. Cómo é que poden as grotescas desigualdades de riqueza e poder no capitalismo seren desafiadas politicamente, a non ser por unha robusta insistencia na participación equitativa de todo movemento significativo en favor do cambio? O movemento ten que estar arraigado nos principios de cidadanía e democracia que conduciron a procura da xustiza social nos séculos pasados: non debe haber máis rexeitamento fácil da “democracia burguesa”, nin insistencia en que a ilustración só se pode levar ás “masas” por medio dun partido de elite. Cántos máis intentos se van facer de crear partidos de esquerda á procura do santo grial da política revolucionaria que non permitan compromiso ningún coa política burguesa? De aceptarmos que existen pontes na vida cotiá que nos poden axudar a desenvolver un movemento popular e poderoso cara ó socialismo, non hai nada que perder por traballarmos dentro das organizacións existentes, sexan partidos, sindicatos ou movementos sociais de todo tipo. Dados os compromisos que nos vemos forzados a asumir día a día nas nosas vidas, seguramente podemos vivir con compromisos no noso traballo político; en moitos países temos oportunidades de facer isto en partidos socialdemócratas ou verdes nos que atoparemos xente que comparte algunha visión dun mundo mellor. Por riba de todo: ningunha cantidade de traballo para desenvolver unha análise máis elucidadora do capitalismo actual vai levar a espertar político ningún sen gran cantidade de traballo duro no mundo real das vidas comprometidas e as aspiracións confusas. Quizais sexa tempo de ler e escribir menos e, en troques, mergullármonos nese mundo.